

Vidal Martínez, Xoán (1904-1994)

Ana Acuña

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ACUÑA, ANA (2011 [2006]). “Vidal Martínez, Xoán (1904-1994)”. En Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego e Basilio Losada (coords.), *Gran Enciclopedia Galega. Apéndice Santiago-Zulueta*, vol. 41. Santiago de Compostela: Novos Vieiros, 187-189. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/85>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ACUÑA, ANA (2006). “Vidal Martínez, Xoán (1904-1994)”. En Xesús Alonso Montero, Francisco Fernández del Riego e Basilio Losada (coords.), *Gran Enciclopedia Galega. Apéndice Santiago-Zulueta*, vol. 41. Santiago de Compostela: Novos Vieiros, 187-189.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de febreiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

VIDAL MARTÍNEZ, XOÁN (1904-1994)

Ana Acuña

Na *Alborada*

Nace o 29 de marzo de 1904 no Pino (parroquia de Salcedo-Pontevedra). Con poucos anos trasládase a unha Pontevedra “fervedoiro de esperanzas e traballos onde, coa circia guía de Losada Diéguez e de Castelao, un fato de mozos se esforzaba en servir a Galicia” (Filgueira Valverde, 1990: IX)

En 1920, xunto con M. Bará e A. Lois, X. Vidal funda *Hebe*, xornal que procura buscar a moralidade e a xustiza na vida pública da vila e tender unha man cariñosa a quen se encontre só e desamparado na súa iniciación literaria (*Hebe*, nº1, 15 outubro 1920).

O quincenario *Hebe* ofrécenos datos sobre a temperá preocupación galeguista de X. Vidal (*Hebe*, nº1, 15 outubro 1920) ou sobre o seu labor declamatorio en galego a prol do Teatro Galaico (*Hebe*, nº 5, 15 decembro 1920).

Neste medio publicará, con dezaseis anos, os primeiros poemas (e mesmo unha prosa en castelán). Son poemas de temática social (caciquismo, emigración) ao carón de poemas amorosos de raíz popular e que formarán parte do libro *Mágoas* (1921).

[188] Luís Amado Carballo (1921) refire así o nacemento precoz do poeta “todavía un niño en edad; pero no ciertamente en inspiración (...) En el idioma gallego que hoy surge llevado como bandera triunfal por un puñado de valientes y patriotas escritores, halló Juan Vidal un medio de expresión tan tierno como íntimo (...) Son estos sus primeros balbuceos. Ya bajo la influencia de Rosalía de Castro. Ya bajo la de Lamas Carvajal”.

Tralo primeiro encontro entre os dous poetas con motivo do prólogo de *Mágoas*, X. Vidal e L. Amado Carballo crearán a revista e a editorial *Alborada* (1922). *Alborada* supón un avance da ideoloxía nacionalista do seu creador (X. Vidal), directores (M. Bará e L. Amado Carballo), redactor-xefe (M. Cabanillas) e redactores artísticos (A. Cebreiro e M. Méndez) ao ter o galego como única lingua de expresión.

Se na revista escribiron os autores galegos máis importantes do momento (R. Cabanillas, Manuel Antonio, Losada Diéguez, L. Amado Carballo, E. Montes, V. Risco, A. Villar Ponte...), a editorial, continuando a liña da colección de novela *Céltiga*, permite a difusión da narrativa breve en galego (R. Cabanillas, A. Losada Diéguez, L. Amado Carballo) ademais da poesía (L. Amado Carballo ou o propio X. Vidal).

O mundo literario de X. Vidal ampliarase coa asistencia, a partir de 1924, á tertulia da “Fillagosa” na casa de J. B. Andrade, “o souto da Fillagosa era o arquetipo de “locus amoenus” (Filgueira Valverde, 1998: 67). “Mais, os poetas da Fillagosa, non podían refugala presenza dos “ismos” (Filgueira Valverde, 1998: 68) e en 1925, X. Vidal sorprenderá cun

manifesto lírico titulado *Evasión*. Situado no movemento das vangardas, o manifesto trae ao panorama literario unha nota de novidade e de interese (*Galicia*, 15-2-1925) que xa o autor ensaiara nos xornais *Galicia*, *A Nosa Terra*, *Alfar* ou *Vida Gallega*.

Serán algúns dos poemas dispersos na prensa dende o ano 1921 os que conformen o poemario *Alcor* (Alborada, 1927). Como indica Filgueira Valverde (1998: 65-66): “Os títulos, dende “Alcor” (...) revelan a adscripción ó intimismo, que non só inza no Lugo de Pimentel e Correa Calderón senón na Pontevedra dos anos vinte, da man de Andrade Toxeiro (...) e de Xoán Vidal Martínez coa colleita dos seus poemas”.

Nos anos de *Cristal*

Os anos trinta van ser intensos para X. Vidal. Por unha parte, estuda maxisterio e faise mestre traballando a prol do ensino en galego con Iglesias Vilarelle (Filgueira Valverde, 1998: 65). Por outra parte, participa na fundación do Grupo Nazionalista Galego de Pontevedra (1931) do que sería secretario para chegar a vicepresidente e presidente do grupo trala marcha de Castelao a Madrid. Mesmo diserta nun mitin ao lado de Alexandre Bóveda, Núñez Búa, Paz Andrade e Castelao (*El Diario de Pontevedra*, 15-6-1931).

En canto á actividade literaria, X. Vidal creará e dirixirá a revista pontevedresa máis importante destes anos: *Cristal* (1932-33)

O nome da revista debeuse a X. Vidal (...) Sen embargo, este bautismo non foi senón o remate dun proxecto que naceu nas xuntanzas que un grupo de mozos tiñan na casa dos Díaz Herrera (...) Do grupo formaban parte Xoán Vidal, Evaristo Mosquera, Xosé Sesto, Ventura de Dios (“Turas”), Pérez Cienfuegos, Rafael Lois Teijeiro e A. Díaz Herrera.

Os seus impulsores son xente de “savia joven”, un grupo de xente moza. Xosé M^a Álvarez Blázquez tiña daquela dezasete anos. Os de máis idade eran Xoán Vidal, que andaba polos vinteoito; algúns menos tiña A. Díaz Herrera e dezaioito contaba Rafael Lois Teijeiro (...) *Cristal* (...) suxire (...) unha concepción elitista da literatura, un culturalismo no que se mestura romanticismo, modernismo e algo de espírito lúdico, intrascendente do vangardismo. (*Cristal*: 21, 27)

O poeta X. Vidal colabora en seis números de *Cristal*, pero tamén se atopan os seus escritos en *Vida Gallega*, *Nós*, *Resol* e *El pueblo gallego*.

Viaxe polas escolas de Galicia

Tralo seu casamento con Aurora Caramés Monteagudo (1933), a parella exercerá o ensino en distintas escolas de Galicia (Tibo, Vento, Chapa, Nespereira ou Amorín).

Esta situación laboral, caracterizada polos continuos traslados, así como os sucesos derivados da guerra civil incidirán na súa creación e serán contados os actos aos que asista (caso da homenaxe a J. B. Andrade en 1955) ou as publicacións nas que X. Vidal colabore (*Spes*, *Sonata Gallega*).

A reacción de Xoán Vidal será a dun silencioso exilio interior:

a xeración de X. Vidal (...) foi violentamente derrubada pola morte prematura dalgúns dos seus integrantes (...) e, despois, pola guerra civil. Home dado á tristeza por espírito e sensibilidade, X. Vidal malia sobrevivir varias décadas ós crueis anos da guerra, non conseguiu superar plenamente os acontecementos que levaron á morte, á cadea ou a situacións de silenciamento e represión e aínda ó exilio a varios dos seus amigos: Alexandre Bóveda, Castelao, Ventura de Dios López (Turas), Evaristo Mosquera e outros. El mesmo foi expedientado como mestre polo seu vencellamento á esquerda galeguista e suspendido de emprego e soldo por un ano e só en 1946 lle foi levantado o expediente (...) Despois da guerra X. Vidal percorre moitos anos de baleiro creativo, case enmudece (Alonso Girgado, 1998: 9).

Só as amizades e o ensino sosteñen os seus soños e os seus proxectos. Entre estes propósitos destacan: o intento fallido de reeditar *Cristal*, o desexo de crear editoriais e o afán de preparar antoloxías como “La poesía castellana en Galicia”, “Líricos pontevedreses”, “Poetas galaico-americanos” ou “Versos de mis amigos” (carta a X. M^a Álvarez Blázquez, 30-11-1940).

O ano 1946 supón o asentamento de Xoán Vidal e mais da súa dona en Ares (A Coruña) como mestres. Froitos deste período son a edición dun método de lectura e a publicación, en 1956, do poemario en castelán *Los senderos inútiles*. O prologuista, X. M^a Álvarez Blázquez indica a excepcionalidade do libro (1956: 8) porque “el libro, escrito hace un cuarto de siglo, sale hoy de las prensas como un fruto del día (...) Nació actual y eterno (...) Es la belleza intemporal del alma que no muere (...) “Los senderos inútiles” llevan a esa mansión donde todo se salva.”

Pero X. Vidal non esquece a literatura galega e a ela se dedica, ben a través do labor de recolla de literatura popular en colaboración co amigo X. M^a Álvarez Blázquez, ben a través da lectura profunda das novidades literarias da época.

Viaxe ás illas Canarias

En 1969 viaxa ata Santa Cruz de Tenerife onde exerce como mestre. As relacións de X. Vidal coa literatura canaria habería que situalas na época de *Cristal*:

Un capítulo particular da súa vida de escritor constitúe a súa relación coa poesía canaria, relación que comeza xa en 1920 coa lectura do poemario, *Salterio*, de Pedro Bethencourt (...) Anos despois coñece e trata a Fernando González e Emeterio Gutiérrez Albelo. En *Cristal* mantén relación e intercambio coa revista *Gaceta de Arte* (...) que en Canarias dirixía Eduardo Westerdhall. Andando o tempo, nos anos da súa longa estada en Tenerife como mestre (...) confesou a súa admiración polos poetas Arturo Lezcano, Pedro García Cabrera e Arturo Maccanti (*Cristal*, 32)

X. Vidal cantou as illas nos seus poemas como se se tratase da paisaxe galega. Confesaba neste sentido que a illa “me recuerda mucho a mi tierra. A Galicia” (*El Día*, 10-7-73)

Volta a Pontevedra

A pesar de que viviu Tenerife en profundidade, non esqueceu as súas orixes e volve a Pontevedra en 1984. Aquí prepara a antoloxía poética *Voz y memoria* (1986) con poemas coñecidos e outros novos en galego (“Loaira”) e en castelán (“Alcor”, “Los senderos inútiles”) nos que mostra maior intimismo e sensibilidade.

X. Vidal morre en 1994, pero antes puido colaborar na prensa e preparar o seu testamento poético, *Palabra llana*. Desta obra só se coñecen as composicións galegas recollidas en *Xoán Vidal. Poemas galegos* (Follas Novas, 1998).

Contexto e textos literarios

É habitual encadrar a X. Vidal dentro da Xeración poética de 1925 baseándose na súa relación coa Xeración Nós, na continuidade ideolóxica e no uso dos seus órganos de expresión (*Nós, A Nosa Terra*), na participación en empresas como o Partido Galeguista ou revistas vangardistas, na coincidencia coa Xeración española do 27 (sobre todo con Lorca) e na valoración da tradición.

Se a Xeración de 1925 se manifestou poeticamente a través de dúas liñas, neotrobadorismo e hilozoísmo, X. Vidal irá facendo o seu camiño lírico dentro da segunda. Porén, a figura de X. Vidal dentro do hilozoísmo está por estudar pois, por unha parte, escribe en galego antes có poeta L. Amado Carballo (ademais de contribuír á posterior divulgación e coñecemento deste poeta) e, por outra, evolúe dende un dadaísmo ultraísta ata un hilozoísmo cada vez máis intimista.

Para L. Alonso Girgado (1998: 23) habería que situar a X. Vidal ao lado de L. Amado Carballo, Manuel Antonio, L. Pimentel, A. Iglesia Alvariño e outros porque foi un dos poetas máis representativos do seu tempo e da súa xeración.

Aínda que a obra de X. Vidal está escrita en dúas linguas, é preciso analizala á marxe da lingua empregada. Tendo iso en conta, podemos considerar catro etapas na evolución poética de X. Vidal: tradición, dadaísmo ultraísta, hilozoísmo e intimismo.

Entre a tradición e a vangarda

Os primeiros pasos de X. Vidal, *Mágoas* (1921), caracterízanse pola continuidade na temática da poesía do século XIX: loanza da terra, crítica social, poemas amorosos...

C’o corazón delorido
vertendo bágoas d’amor,
deixan a terra nativa
por-outro país millor
(de “Os emigrantes”)

Non obstante, xa se insinúa unha voz poética propia que busca a expresión na natureza e que amosa un certo desacougo existencial.

Noites brancas de pálida lúa
perfumadas c-o aroma d'as froles:
Noites compañeiras;
compañeiras noites,
que sabedes das miñas tristuras
e sabedes d'os fondos doores
(de “Nouturnio”)

No manifesto *Evasión* (1925), concibido nunha época de grandes contactos coa vangarda, atopamos o dadaísmo da linguaxe incoherente e sen cohesión, contra calquera convencionalismo e que pretende a negación da arte e da literatura. Pero tamén presenta trazos de ultraísmo na riqueza das imaxes, [189] nas metáforas sorprendentes, no sentido lúdico da creación, na fusión de imaxes e estados anímicos ou na imitación dos obxectos a través das páxinas en branco do manifesto poético.

Huyamos la belleza
las jaulas de los sueños
la palabra y la música
seamos libres como las estatuas.

Entre o hiloísmo e o intimismo

A tradición e a vangarda ultraísta precedentes van derivar, en X. Vidal, no hiloísmo. Así, *Alcor* (1927) ou os poemas publicados nos xornais caracterízanse pola personificación da natureza e pola combinación de elementos visuais e auditivos.

Os regañados e sedentos beizos da montana, agardan
arelantes, a tremante bágoa do Sol, que rola, paseniño,
pol-as bermellas meixelas do ceo....
Un arrencendente suspiro da terra, abala, caricioso, as folliñas verdecentes...
Finóuse o multicolor rechouchío dos paxaros
(de “A serán”)

A consecuencia dunha crise literaria e dos efectos da guerra civil, X. Vidal non volverá a publicar ningún libro ata 1956. Nese ano ve a luz *Los senderos inútiles*, versos que manifestan unha tristeza fonda e sentida, que procuran a infancia e a identidade a través da poesía cognitiva. É a busca dun poeta consciente da súa convulsión, da dor e da desolación da súa alma:

¡No me abandonéis! Mi alma
por hondos caminos yerra,
cazando, para vosotros,
las palabras verdaderas.
¡A esta pobre osilla triste!
sólo vuestro amor inquieta!
(de “La osilla”)

Entre a voz e a memoria

Trinta anos despois, 1986, X. Vidal prepara a antoloxía poética, *Voz y memoria*. A súa voz, case muda no silencio, conversa coa natureza:

Cantan as estrelas no ceo e no río,
cantan as estrelas
a cantiga branca
dos momentos líricos
(de “Nocturno”)

Pero tamén recupera a voz doutros poetas galegos a través da tradución ou da reprodución dos seus versos: J. Bautista Andrade, V. Risco, R. Dieste, etc.

Palabra llana é o libro póstumo de X. Vidal e que permanece, en parte, inédito. Nel recompila poemas en galego e en castelán novos e vellos, pero que seguen sobrevivindo ao paso do tempo e da morte:

Augas da mar de Sanxenxo
seculares, augas vivas
convén que vos diga adeus,
dándovos a despedida,
que o novo pode morrer,
mais o vello non ten vida
(de “Augas do mar de Sanxenxo”)

Aínda habería que sinalar dous libros de poemas perdidos e dos que dá conta X. Vidal na súa correspondencia con X. M^a Álvarez Blázquez. Referímonos a *Soedades* e *Orto y Ocaso*, poemarios dos que, infelizmente, non hai máis noticia.

En canto á obra en prosa, podemos dicir que en X. Vidal é cuantitativamente menor cá obra en verso. Os dous xéneros están moi próximos, se exceptuamos “El amor vence” (*Hebe* marzo 1921) e algunha colaboración, non literaria, na prensa (*Val Miñor*, *El Día*). Mostra desta proximidade entre a prosa e a poesía é a prosa poética recollida no inédito *Palabra llana* titulado “Reflexiones y atisbos”.

Conclusión

X. Vidal é un poeta resignado, silente e case místico que escribe versos sinxelos, curtos e ben rimados. A súa voz poética encádrase dentro do hilozoísmo, pero é máis fonda porque nela o verso agroma dun pozo de sabedoría, soidade e silencio.

Selección bibliográfica de e sobre Xoán Vidal Martínez

I. Bibliografía primaria

1. Libros de poesía

Mágoas, Pontevedra: Imprenta C. Peón, 1921. Prólogo de L. Amado Carballo e 4 poemas publicados no xornal *Hebe*.

Evasión, Pontevedra: Ediciones Cartel, 1925

Alcor, Pontevedra: Alborada, 1927. Recolle poemas publicados, previa ou posteriormente, en *Vida Gallega*, *Alfar*, *Resol* e *Galicia*.

Los senderos inútiles, A Coruña: Alborada, 1956. Prólogo de X. M^a Álvarez Blázquez. Inclúe poemas publicados por X. Vidal en *Sonata Gallega*, *Galicia*, *Parábola*, *Cristal*, *El Pueblo Gallego* ou *Vida Gallega*.

Voz y memoria (Antología poética), A Coruña: Alborada, 1986. Trátase dunha antoloxía bilingüe que recolle poemas dos anteriores libros (*Mágoas*, *Alcor* e *Los senderos inútiles*), poemas publicados en revistas e xornais (*Galicia*, *Cristal*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Resol*, *Vida Gallega*, *Spes*, *La Región* La Tarde), e poemas novos. Xoán Vidal tamén reproduce poemas doutros poetas galegos (en castelán), ou traduce versos de poetas coñecidos. O libro péchase co “Perfil de Amado Carballo” redactado por Xoán Vidal e con “Algunos juicios críticos” sobre a poesía de X. Vidal.

Palabra llana (inédito). Prólogo de X. Filgueira Valverde. Componse dunha sección de poemas en galego e en castelán (algún publicado na prensa, *Diálogos del Valle Miñor*) e dunha sección en prosa poética titulada “Reflexiones y atisbos”.

2. Outras publicacións

a) Poemas

-“A unha”, *Hebe*, nº 1, 15 outubro 1920.

-“Os emigrantes”, *Hebe*, suplemento 22 outubro 1920.

-“Es el día de difuntos”, *Hebe*, 1 novembro 1920.

-“Mañán de xiada”, *Hebe*, 15 novembro 1920.

-“Miña terra”, *Hebe*, 1 decembro 1920.

-“Eu ben sey”, *Hebe*, 1 xaneiro 1921.

-“Tristezas otoñales”, *Hebe*, 15 xaneiro 1921.

-“Musa popular”, *Hebe*, 20 febreiro 1921.

-“¡Probe labrego!”, *Hebe*, 20 marzo 1921.

-“Soedades”, *Hebe*, 3 abril 1921.

-“Oye”, *Vida Gallega*, 15 xullo 1921.

-“Rie”, *Vida Gallega*, 20 decembro 1921.

-“Yo”, “De Profundis Clamavi”, *Vida Gallega*, 25 marzo 1922.

-“Calade”, *Vida Gallega*, 30 abril 1922.

-“La blanca Luna ilumina”, *Vida Gallega*, 15 decembro 1922.

-“A la noche del pasado”, *Vida Gallega*, 31 decembro 1922.

-“Poemas de invierno”, “Oh roda da miña vida”, *Vida Gallega*, 10 marzo 1923.

- “Conto” [*sic*], *Vida Gallega*, 25 marzo 1923.
- “Pregaria”, “Versos nuevos”, “Tarde”, “La noche de tus ojos”, *Vida Gallega*, 5 abril 1923.
- “Postal do sol”, *A Nosa Terra*, 15 maio 1923.
- “Neurastenia”, *Galicia*, 20 xaneiro 1924.
- “Sueño dorado”, *Galicia*, 27 xaneiro 1924.
- “Queixas”, *Vida Gallega*, 5 febreiro de 1924.
- “O poema de Ana María”, “Nouturnio”, *A Nosa Terra*, 1 novembro 1924.
- “Soneto en mi soledad”, *Galicia*, 21 decembro 1924.
- “Estío”, *Alfar*, abril 1925.
- “Medalla”, *Galicia*, 16 abril 1925.
- “La luna en la cuna”, “En una leyenda asiria”, *Galicia*, 26 abril 1925.
- “Lúa nova”, “Chove na campía”, *A Nosa Terra*, 25 xullo 1925.
- “Tren de la tarde”, *Galicia*, 6 outubro 1925.
- “Cementerio de aldea”, *Galicia*, 28 decembro 1926.
- “Apunte primaveral”, *Vida Gallega*, 30 setembro 1927.
- “Zíngaros”, *Vida Gallega*, 20 outubro 1927.
- “Mayo”, *Vida Gallega*, 30 outubro 1927.
- “Poema del alba- Poema de otoño”, *Vida Gallega*, 30 novembro 1927.
- “Solo”, *Vida Gallega*, 20 decembro 1927.
- “Tarde” “Versos de caminante”, *Vida Gallega*, 30 decembro 1927.
- “Sueño dorado” “Voy extrayendo agua azul”, *Vida Gallega*, 10 xaneiro 1928.
- “Solo”, “Estío”, *Vida Gallega*, 20 xaneiro 1928.
- “Cementerio de aldea”, *Vida Gallega*, 30 xaneiro 1928.
- “San Fiz”, *Vida Gallega*, 10 febreiro 1928.
- “Yo llevaba”, *Vida Gallega*, 20 febreiro 1928.
- “La roca”, *Vida Gallega*, 20 xaneiro 1931.
- “Añoranza”, *Vida Gallega*, 23 febreiro 1931.
- “Nouturnio”, *Nós*, 25 xullo 1931.
- “Nouturnio”, *Resol*, xullo 1932.
- “Canción”, *Cristal*, agosto 1932.
- “Canción”, *El Pueblo Gallego*, 14 agosto 1932.
- “Nocturno”, *Cristal*, setembro 1932.
- “Soneto en mi soledad”, *Cristal*, outubro 1932.
- “Oriente”, “Poemas”, *Cristal*, decembro 1932.
- “Al sepulturero”, *Cristal*, febreiro 1933.
- “Nostalgia”, *Cristal*, maio-xuño 1933.
- “San Fiz”, *Resol*, febreiro 1935.
- “Soneto”, *Spes*, novembro 1943.
- “Poemas de la ciudad”, *Sonata Gallega*, inverno 1944.
- “Poemas de la belle Epoque”, *Diálogos del Valle Miñor y Bajo Miño*, 8 outubro 1990.

Outros poemas apareceron na prensa non galega (*Parábola*, *El Día* e *La Tarde*)

b) *Relatos*

- “Prosas. El amor vence”, *Hebe*, 6 marzo 1921.
- “A serán” *Alborada*, xullo 1922.

-“Nocturno”, *Cristal*, setembro 1932.

c) *Ensaaios, artigos e recensións*

La enseñanza del idioma. Comentario [lido en 1931 na Escola Normal de Pontevedra e referido ao libro de Carmen García Arroyo].

Mañana y tarde. La cartilla del parvulito, Barcelona: Miguel A. Salvatella, c. 1953.

“Carlos Acosta o un libro transparente” en *El Día* [recensión do libro *Apenas barro...* do poeta canario Carlos Acosta].

“Sobre Cela” en *Diálogos del Valle Miñor y Bajo Miño*, outubro 1990.

d) *Correspondencia*

-Édita:

MANOEL ANTONIO (1979): *Correspondencia*, Vigo: Galaxia [Unha carta de Xoán Vidal datada en 1928].

ACUÑA, A. (2005): “Voz e memoria: a correspondencia entre Xoán Vidal Martínez e Xosé M^a Álvarez Blázquez (I)” en *Madrygal*, nº 8, pp. 19-31 [Reprodúcense 6 cartas de X. M^a Álvarez Blázquez (datadas entre 1967 e 1969) así como poemas narrativos enviados desde o desterro de X. M^a Álvarez Blázquez (1940 e 1941)].

-Inédita:

Interesa sobre todo a correspondencia que Xoán Vidal mantivo con X. M^a Álvarez Blázquez e que consta de 51 cartas escritas por Xoán Vidal durante os anos 1940, 1941, 1942, 1948, 1949, 1950, 1951, 1954, 1956, 1957, 1958, 1964, 1969, 1970, 1978, 1982 e 1983

3. *Traducións realizadas por Xoán Vidal doutros poetas*

No libro *Voz y memoria* (1986) Xoán Vidal traduce poemas de Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, R. Blanco Torres e Luís Pimentel.

4. *Traducións da obra de Xoán Vidal*

“La vesprada” (tradución realizada por M. Ventura de “A serán”), incluída en “De lletres galaiques. Amb motiu de la publicació litteraria Alborada d’En Johan Vidal II” en *Revista del Centre de lectura de Reus*, 1922, nº 61-62.

5. *Escolmas*

-Individuais:

Poemas galegos, Santiago de Compostela: Follas Novas, 1998 Trátase dunha recompilación dos poemas en galego escritos por Xoán Vidal en libros (*Mágoas*; “Loaira”, sección de *Voz y memoria*; “Cantigas do adeus”, incluído en *Palabra llana*) e revistas

(“Poemas soltos” publicados en *Alborada e Vida Gallega*). Desta obra houbo unha segunda edición baixo o mecenado da Concellería de Educación e Cultura do Concello de Pontevedra.

Vida Gallega, 20 setembro 1927 (3 poemas).

Faro de Vigo, 2 abril 1982 (2 poemas).

O Correo galego, 22 xuño 1994 (2 poemas).

-Con outros poetas:

Nós, nº 91, 1931 (1 poema)

VARELA JÁCOME, B. (1953): *Poetas gallegos (Las mejores poesías)*, Santiago: Porto y Cía editores (2 poemas).

MANUEL MARÍA, Gómez Sánchez, A. (1997): *Poetas entre a tradición e a modernidade. Antoloxía*, Vigo: ASPG (6 poemas).

II Bibliografía secundaria

1. Entrevistas

IGLESIAS, A. (1973), “La gente que escribe, de frente. Juan Vidal Martínez, poeta en el silencio”, *El Día* (Tenerife), 10 de julio, 1973, p. 5.

2. Ensaio, artigos e recensións

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. (2001): *Luis Amado Carballo*, Vigo: A Nosa Terra.

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. (2004): “Lembrando a Xoán Vidal” en *Diario de Pontevedra*, 18 xullo de 2004, p. 74.

ABILLEIRA SANMARTÍN, X. (2005): “Cosmos e ronsel de Xoán Vidal Martínez” en *A Nosa Terra*, nº 1.161, semana do 27 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2005 p. 28.

ACUÑA, A. (2005): *Xoán Vidal. Voz e memoria*, Pontevedra: Concello de Pontevedra.

ALONSO GIRGADO, L. (dir.) (1998): *Cristal*. Ed. Facsímile, Santiago: Xunta de Galicia.

ALONSO GIRGADO, L. (1998): “Introducción” en X. Vidal Martínez: *Poemas galegos*, Santiago: Follas Novas.

ALONSO GIRGADO, L. (2005): “Xoán Vidal Martínez, poeta da tristeza” en *Encrucillada*, nº 144, pp. 409/73-414/78.

ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X. M^a (1982): *Luis Amado Carballo. Vida e obra. Escolma de textos*, A Coruña: Real Academia Galega.

ÁLVAREZ CÁCCAMO, X. M^a (1998): “Cristal dos poetas Gerardo Álvarez Limeses e Xosé M^a Álvarez Blázquez”, *Cristal*. Ed. Facsímile, Santiago: Xunta de Galicia, pp. 13-18.

AMADO CARBALLO, L. (1921): “Prólogo” en *Mágoas*, Pontevedra.

BOCANEGRA LARRAZÁBAL, A. (1986): ““Voz y memoria”, un buen libro de versos” en *Jornada* (Tenerife), 26 novembro 1986, p. 3-4.

COUCEIRO FREIJOMIL, A. (1953): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol III P-Z, Santiago: Bibliófilos gallegos.

D. D. (1994): “Pontevedra llora la muerte de un poeta, Juan Vidal Martínez” en *Diario del Domingo*, 26-6-1994, p. VI-VII.

- FERNÁNDEZ TEIXEIRO, M(ANUEL) M(ARÍA) (1996), «Poetas entre a tradición e a modernidade. Luís Amado Carballo e a súa escola poética», *Historia da Literatura Galega*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, vol 3, pp. 865-869.
- FERNÁNDEZ TEIXEIRO, MANUEL MARÍA (1998): “As vellas revistas” en *El Correo Gallego*, 7 de abril de 1998.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1990): “Presentación” en *Alborada. Publicación Literaria*, Santiago: Sotelo Blanco, pp. IX-XVI.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1998): “Xoán Vidal Martínez” en X. Vidal Martínez: *Poemas Galegos*, Santiago: Follas Novas.
- FRAGUAS, A. (1998): “A lembrada revista Cristal” en *O Correo Galego*, 15 marzo 1998, p. 24.
- LÓPEZ FERNÁNDEZ, X. (1992): “Xoán Vidal Martínez, o poeta de Salcedo” en *Xornal Diario*, 16-2-1992, p. 6.
- PAZ ANDRADE, V. (1980), «A Escola da Fillagosa», *Faro de Vigo*, 5-9-1980, p. 24.
- PENA, X. R. (1982): *Luis Amado Carballo*, A Coruña: Nós.
- PENA, X. R. (1996): *Manuel Antonio e a vangarda*, Santiago: Sotelo Blanco.
- PENA, X. R. (2004): “Voz e memoria” en *Faro de Vigo*, 8 de abril de 2004, p. 75.
- PEREIRA, V. C. (2004): “Don Xoán Vidal, mestre e poeta” en *La Región*, 25 de maio de 2004, p. 20.
- VIDAL CARAMÉS, C. (1996): “Juan Vidal Martínez: Así foi o noso poeta” en *Diario del Domingo*, 30 xuño 1996, p. XIV-XV.
- VIDAL CARAMÉS, M^a D. A. (1997): “Xoán Vidal Martínez, desde os vieiros da súa eternidade” en *A Nosa Terra*, 19 xuño de 1997, p. 22.
- VIDAL CARAMÉS, M^a D. A. (2005): “Xoán Vidal Martínez na memoria da súa filla” en *Encrucillada*, nº 144, pp. 415/79-416/80.
- VILAVEDRA, D. (coord.) (1995): *Diccionario da Literatura Galega I Autores*, Vigo: Galaxia.

Poden consultarse, aínda, os estudos de A. Casas, R. Carballo Calero, A. Gómez Sánchez / M. Queizas, X. L. Méndez Ferrín, A. Tarrío, B. Varela Jácome ou D. Vilavedra sobre literatura galega. Tamén ten interese o especial do *Diario de Pontevedra* (19-6-2004) recordando a figura de X. Vidal.